

## UGT Servizos Públicos asina o XI Convenio Colectivo de Enseño Privado sen ningún nivel concertado

UGT Servizos Públicos asinou, xunto a FSIE, USO, CCOO e as organizacións patronais do sector, o **XI Convenio Colectivo de Enseño Privado sen ningún nivel concertado ou subvencionado**.

O convenio, que moderniza o marco laboral deste sector para o próximos tres anos, **contempla o incremento das retribucións salariais nun 5,5%: o 1,5% con carácter retroactivo desde o 1 de setembro de 2021; un 2 % a partir de 2022 e outro 2% en 2023**.

O texto recolle un maior número de **dereitos sociais** e unha regulación dos **permisos retribuídos**, unha nova **excedencia para vítimas de violencia de xénero**, a proposta de **reserva pactada na excedencia voluntaria** ou a **creación dunha comisión técnica** onde se traballarán distintos asuntos para mellorar o convenio e que está integrada polos asinantes do convenio.

Ademais, inclúese un artigo sobre a **xubilación forzosa** e a posibilidade da **acumulación da xubilación parcial**, e modifícase a redacción do de **vixilancia de comedor e transporte**.

UGT valora este acordo porque recolle numerosos aspectos identitarios do noso sindicato, que supoñen melloras nas condicións laborais dos traballadores.

Sindicato Nacional de Enseño Privado